



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada Operacións de fin de exercicio nas entidades locais. Elaboración de contas anuais

CONVOCATORIA: Xornada Operacións de fin de exercicio nas entidades locais. Elaboración das contas anuais.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	6
ADMINISTRACIÓN:	LOCAL	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2023
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1
DATA MATRÍCULA: Do 12/12/2023 - 09:00h ao 17/12/2023 - 23:59h					

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

APRAZADA PARA 2024.
PENDENTE PUBLICAR NOVA DATA !!

A presente xornada ten por obxecto analizar, desde unha perspectiva práctica, as operacións de contabilidade pública que realizan as entidades locais no fin do exercicio orzamentario, tanto desde un punto de vista económico como orzamentario e patrimonial.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público da Administración local con habilitación de carácter nacional que pertenza á subescala de Intervención-Tesourería e Secretaría-Intervención, así como persoal técnico das entidades locais que realice funcións relacionadas co contido da xornada.

PROGRAMA

- Operacións previas á regularización e ao peche.
- Reclasificación das operacións.
- Reclasificacións non formalizadas.
- Axustes de periodificación.
- Correccións valorativas.
- Axustes de activos e pasivos financeiros.
- Valoración de existencias.
- Operacións de exercicio derivadas dos procedementos especiais.
- Operacións de fin de exercicio.
- Regularización do orzamento de ingresos.
- Regularización da contabilidade da xestión de recursos por conta doutros entes públicos.
- Cálculo dos resultados económico-patrimoniais.
- Regularización dos gastos e ingresos imputados ao patrimonio.
- Operacións de peche.
- Peche do orzamento de gastos.
- Peche do orzamento de ingresos.
- Peche da contabilidade económico-patrimonial.
- Cambios de criterios contables, erros e estimacións contables.
- Feitos posteriores ao peche.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas dispoñible.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo coas persoas destinatarias e criterios de selección establecidos nas bases terceira e oitava respectivamente desta resolución.

As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas da actividade solicitada e pasarán ao final das listaxes de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área na que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar en “nome do curso” a xornada “Operacións de fin de exercicio nas entidades locais. Elaboración das contas anuais”.

O prazo para a inscrición estará aberto desde as 09:00 horas do primeiro día hábil seguinte á publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia ata as 23:59 horas do día 17 de decembro de 2023.

Unha vez formalizada a inscrición, todas as persoas solicitantes deberán enviar ademais, antes de que finalice o prazo de inscrición, un correo electrónico dirixido a novas.egap@xunta.gal achegando calquera tipo de documentación (cabeceira de nómina, toma de posesión, nomeamento, certificado asinado por quen corresponda....) na que figure e se acredite que a persoa solicitante cumpre os requisitos indicados na base terceira (persoas destinatarias) desta resolución: persoal e funcións relacionadas.

Poderán ser excluídas as solicitudes daquelas persoas que non enviasen a documentación acreditando o cumprimento dos requisitos para ser persoa destinataria desta actividade.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago

INICIO / FIN: 20/12/2023 a 20/12/2023

NUM. PRAZAS: 80

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Francisco López Corrales